



Guía Docente				
Datos Identificativos				2022/23
Asignatura (*)	Constitución e poder xudicial	Código	612G01014	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
1º e 2º Ciclo	1º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalegoInglés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Dereito Público			
Coordinación	Neira Pena, Ana	Correo electrónico	ana.neira@udc.es	
Profesorado	Anguita Juega, Luis Camara Ruiz, Juan Neira Pena, Ana Soto Díaz, David José	Correo electrónico	luis.anguita.juega@udc.es juan.camara@udc.es ana.neira@udc.es david.sdiaz@udc.es	
Web	moodle.udc.es/			
Descrición xeral	A docencia que se imparte nesta materia procura principalmente a adquisición polo estudantado dun coñecemento básico sobre a Constitución e o Poder Xudicial. Concretamente: a) os principios constitucionais relativos ao Poder Xudicial, á súa organización e o exercicio da función xurisdiccional; b) A tutela xudicial efectiva; c) O fenómeno do proceso; d) os tribunais con xurisdición en España e a súa competencia; e) As profesións que interveñen na Administración de Xustiza e as súas funcións f) Os dereitos fundamentais de natureza procesual; g) Os principios procesuais e a súa incidencia nas distintas clases de procesos; h) Os actos procesuais e a súa eficacia; i) As principais leis procesuais.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe			Competencias / Resultados do título
Coñecemento das principais institucións xurídicas.	A1	B6	C1
Coñecemento sobre a función do Dereito como sistema regulador das relacións sociais.	A2	B8	C3
Coñecemento dos principios e valores constitucionais.	A3	B9	C4
Coñecementos básicos de argumentación xurídica.	A5	B10	C6
Capacidade para o manexo de fontes xurídicas (legais, xurisprudenciais e doutrinais).	A7	B11	C7
Capacidade de interpretar e analizar críticamente o ordenamento xurídico.	A8	B12	
Capacidade de comprender e de redactar documentos xurídicos.	A9	B13	
Manexo da oratoria xurídica. (Capacidade de expresarse apropiadamente en público).	A10	B2	
Dominio das novas tecnoloxías aplicadas ao dereito.	A11	B3	
Capacidade de elaboración de normas.	A12	B5	
Capacidade de negociación e mediación.	A13		
Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo, entendendo, tamén, a importancia da cultura emprendedora.	A14		
Traballar de forma colaborativa.	A15		
Traballar de forma autónoma na resolución de casos.			
Presentar, tanto por escrito como oralmente, as conclusións da materia explicada, así como dos casos resoltos.			
Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.			
Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.			



Contidos	
Temas	Subtemas
Constitución e Poder Xudicial	1.- O Dereito procesual 2.- A xurisdición. Concepto e careacteres 3.- Extensión e límites da xurisdición 4.- O xuíz ordinario predeterminado pola lei 5.- Órganos xudiciais do Estado 6.- Xulgados e Tribunais non integrados no Poder Xudicial 7.- O goberno do poder xudicial 8.- Persoal xurisdiccional e persoal ao servizo da administración de xustiza 9.- Acción e tutela xudicial efectiva 10.- Dereito á asistencia xurídica gratuíta 11.- O proceso. Os principios do proceso 12.- Actos procesuais

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A3 A5 A7 A8 A12 B6 B11 B12 B3 B5 C4 C6 C7	40	40	80
Proba obxectiva	A1 A2 A3 A5 A7 A9 A10 B6 B8 B9 B2 C1	2	0	2
Traballos tutelados	A9 A10 A11 A13 A14 A15 B6 B9 B10 B13 C1 C3	15	45	60
Atención personalizada		8	0	8

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	As clases presenciais desenrólanse a partir dunhas sesións teóricas baseadas na lección maxistral. Despois utilízanse outras técnicas como as discusións dirixidas ou as presentacións orais
Proba obxectiva	Ao final do curso realizarase unha proba de carácter obxectivo para avaliar o nivel de comprensión e asunción dos contidos e competencias adquiridos polo estuante.
Traballos tutelados	Coa preparación dos traballos por parte do alumnado preténdese que este se inicie na técnica da investigación e que desenvolva habilidades para a aprendizaxe autónoma. Estes traballos serán propostos polo profesorado para a súa resolución polo alumnado, traballándose posteriormente de forma conxunta nas clases interactivas.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	As titorías son importantes para facer un axeitado seguimento da materia, resolvendo as dúbidas sobre os contidos explicados polo profesorado ao longo do curso.
Sesión maxistral	
Proba obxectiva	Para a preparación da presentación oral dos traballos de investigación e para a resolución dos casos é aconsellable a participación do profesorado para a supervisión e a resolución de dúbidas. Así mesmo en vista á preparación da proba obxectiva é moi conveniente a consulta e a solicitude de asesoramento ao profesorado.



## Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A9 A10 A11 A13 A14 A15 B6 B9 B10 B13 C1 C3	Durante o curso iranse avaliando os traballos encomendados e que o estudantado debe presentar nas datas que se indicarán. A valoración dos traballos tutelados dependerá da calidade, interese, rigor e corrección dos mesmos, así como da participación activa nas clases. No caso de detección de plaxio nos traballos entregados a cualificación dos mesmos será de 0 puntos.	30
Proba obxectiva	A1 A2 A3 A5 A7 A9 A10 B6 B8 B9 B2 C1	A proba obxectiva consistirá nun exame tipo test, de resposta múltiple, onde se avaliarán os contidos expostos durante o curso. Esta proba poderá completarse con algunha pregunta de resposta curta se o profesor/a o considera.	70
Outros			

## Observacións avaliación

Para a superación da materia será requisito imprescindible aprobar a proba mixta. A nota resultante servirá para facer a media co resto das puntuacións.

A nota do alumnado a tempo parcial con dispensa académica de asistencia recoñecida calcularase unicamente sobre a puntuación da proba mixta, así como os traballos que especificamente se lles poida encomendar a este alumnado.

Para a segunda oportunidade, conservaranse as cualificacións dos traballos tutelados entregados durante o curso, que computarán para a cualificación xunto coa proba obxectiva, que terá as mesmas características que na primeira oportunidade. Será posible recuperar as notas das prácticas e traballos tutelados, no caso de que sexa pertinente, nos prazos indicados polo profesorado e, en todo caso, entregando unha nova versión destes traballos con anterioridade á data do exame da segunda oportunidade.

No caso de detección de plaxio nos traballos entregados a cualificación dos mesmos será de 0 puntos.

## Fontes de información

<b>Bibliografía básica</b>	Bibliografía básica:- ORTELLS RAMOS, Manuel (Dir.). Introducción al Derecho Procesal, 10ª edición; Ed. Aranzadi, 2020.- PÉREZ-CRUZ MARTÍN, Agustín-Jesús. Constitución y Poder Judicial, 2ª edición, Ed. Atelier, 2015. - Lei Orgánica 6/1985 do Poder Xudicial e leis complementarias. Dispoñíbel en varias editoriais: Tecnos, Civitas, Aranzadi, etc.
<b>Bibliografía complementaria</b>	Bibliografía complementaria:- SANCHÍS CRESPO, Carolina. Derecho procesal I. Jurisdicción, acción y proceso. Ed. Aranzadi. 2021- GIMENO SENDRA, Vicente. Introducción al Derecho Procesal, Tirant Lo Blanch, 2020. - NIEVA FENOLL, Jordi. Derecho procesal I. Introducción, 2ª edición, Ed. Tirant Lo Blanch, 2019.- ASECIO MELLADO, J.M., Introducción al Derecho Procesal, Tirant Lo Blanch, Valencia, 2019. Recursos web: BIBLIOTECA UDC: <a href="http://www.udc.es/biblioteca/BOE">http://www.udc.es/biblioteca/BOE</a> : <a href="http://www.boe.es/DOGA">http://www.boe.es/DOGA</a> : <a href="http://www.xunta.es/dog">http://www.xunta.es/dog</a> /BASE DE DATOS ARANZADI: <a href="http://www.westlaw.es/westlaw/">http://www.westlaw.es/westlaw/</a> (só pode consultarse a través da UDC)

## Recomendacións

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

**Materias que continúan o temario**

## Observacións



No desenvolvemento desta materia débese incentivar un uso sostible dos recursos, orientado a previr impactos negativos no medio natural, incentivando que a entrega dos traballos sexa por medios virtuais ou, cando deban de ser impresos, que se fagan en papel reciclado e a dobre cara. Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria, deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia. Isto implica que se usará linguaxe non sexista tanto nos traballos entregados polo alumnado como nos materiais preparado polo profesorado, utilizarase bibliografía de autores de ambos os sexos, propiciarse a intervención en clase de alumnos e alumnas...). Así mesmo, traballarase para identificar e modificar prexuizos e actitudes sexistas, así como situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas.

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías